



137/97



81-1-97

VALEDOR DO POBO



Sr. D. Agustín Alcalde Lorenzo  
Sociedade Galega de Historia Natural  
Apartado 330  
15780 Santiago de Compostela (A Coruña)

C.4.Q/1165/96

Santiago, 13 de xaneiro de 1997

Estimado Sr.:


Recibido nesta Institución o seu escrito de queixa que deu lugar ó expediente referenciado, foi rexistrado, como vostede sabe, co número arriba indicado.

Unha vez estudiada a súa queixa, dámola por admitida ó entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciámo-las actuacións oportunas ante a Consellería de Industria e Comercio. Axíña que recibamo-lo preceptivo informe que este organismo ten que remitirnos, poñerémonos de novo en contacto con vostede.

En calquera caso, informámoslle que a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas Leis para recurri-la resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional.

Agradécendolle a confianza que nos demostra, atentamente o saúda.





22-12-97

## VALEDOR DO POBO



Sr. D. Agustín Alcalde Lorenzo  
 Sociedade Galega de Historia Natural  
 Rúa Berna, 7-Portal H-3º C  
 15703 - Santiago de Compostela (A Coruña)

**Expediente: C.4.Q/1165/96**

Santiago, 1 de decembro de 1997

**Estimado Sr.:**

Esta institución reflexionou en profundidade sobre a queixa que vostede presentou en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural motivada polo feito de que a Consellería de Industria e Comercio non lle facilitara a información solicitada sobre o Plano Eólico Estratéxico de Galicia.

Admitida a trámite a queixa solicitouse informe da Secretaría Xeral de dita Consellería que nos contestou no sentido de que “ó non referirse a información solicitada a ningunha das cuestións definidas na Directiva Europea 90/313/CEE que entende por “información sobre medio ambiente”, calquer información dispoñible en forma escrita, visual, oral ou en forma de base de datos sobre o estado das augas, do aire, do solo, da fauna, da flora, as terras e os espazos naturais, e sobre as actividades (incluídas as que ocasionan molestias como o ruído) ou medidas que lles afectan ou poidan afectarlles, e sobre as actividades e medidas destinadas a protexelas, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestións do medio ambiente; nin as definidas na Lei 38/1995, de 12 de decembro, sobre dereito de acceso a información en materia de medio ambiente, estimouse que non procedía a aplicación das citadas normas a este suposto e non se atendeu a petición cursada.”

Despois dun detido exame chegouse por parte desta institución a conclusión de que deixando a un lado o feito de que toda excepción o principio básico de transferencia informativa en materia medioambiental debe ser interpretada restrictivamente, bótase en falta unha resolución motivada de dita Consellería denegatoria da solicitude formulada por Vde., á que vén obrigada por imperativo do artigo 4.2 da Lei 38/1995.



## VALEDOR DO POBO

En consecuencia sen que esta institución pretenda substituí-lo criterio técnico acerca de que a petición formulada non ten relación co medio ambiente por non afectar sobre o estado das augas, do aire, do solo, da fauna, da flora, etc., non pode compartí-la decisión adoptada pola Consellería de non contestar a petición formulada.

Como conclusión a toda esta reflexión, pasamos a informarlle que considerouse conveniente formularlle a Secretaría Xeral da Consellería de Industria e Comercio unha recomendación, en base ó disposto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos seguintes termos:

**Na medida na que o dereito á información sobre o medio ambiente recoñecido na Lei 38/1995, do 12 de decembro que incorporou ó dereito interno a Directiva 90/313/CEE do Consello, do 7 de xuño, enmárcase nos principios de liberdade de acceso e transparencia informativa, e régulase no texto legal citado en termos amplos e favorecedores do seu exercicio, considerase que ese Consellería de Industria e Comercio tería que contestar a Sociedade Galega de Historia Natural mediante resolución expresa e motivada con especificación das causas xustificadoras da denegación da información solicitada, todo elo con independencia de que deberían facilitárselle aqueles datos solicitados que poideran comprenderse dentro do termo medioambiental sempre que a súa divulgación non poña en perigo ou non perxudique ó medioambiente.**


En espera de que esta recomendación sexa aceptada por dita Secretaría Xeral, e agradecéndolle a confianza depositada nesta institución, damos por concluída a queixa presentada a non ser que, con ocasión de novos datos e alegacións que así o aconsellen, se poida reabrir.

Agradecéndolle a súa confianza, saúdao atentamente.

**O Valedor do Pobo**  
  
**José Cora Rodríguez**



## VALEDOR DO POBO



Sr. D. Agustín Alcalde Lorenzo  
Sociedade Galega de Historia Natural  
Rúa Berna, 7-Portal H-3º C  
15703 - Santiago de Compostela (A Coruña)

Expediente: C.4.Q/1165/96

Santiago, 15 de xaneiro de 1998

Estimado Sr.:

En relación coa queixa que vostede presentou nesta Institución, como xa coñece o día 1 de decembro do pasado ano iniciámo-las oportunas actuacións, para recibir a correspondente resposta á recomendación formulada, e dado que aínda non se recibiu o solicitado, no día de hoxe solicitamos novamente á Consellería de Industria e Comercio a resposta pendente.

Poñerémonos de novo en contacto con vostede unha vez que o citado organismo nos remita a referida información, dándolle conta da nosa actuación e, se é posible, da solución do seu problema.

Agradecéndoile a súa confianza, saúdao atentamente.






VALEDOR DO POBO

45/98

4-3-98



Sr. D. Agustín Alcalde Lorenzo  
"Sociedade Galega de Historia Natural"  
Rúa Berna, 7 - Portal H-3º C  
15703 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: C.4.Q/1165/96

Santiago, 27 de febreiro de 1998

**Estimado Sr.:**

Como resposta á **recomendación** formulada por esta Institución o pasado día 1-12-1997 á Secretaría Xeral da Consellería de Industria e Comercio, recentemente este órgano comunicou a súa aceptación tácita da resolución e, á vista do informe da Subdirección Xeral de Enerxía e Minas, procederá a contestar á "Sociedade Galega de Historia Natural" mediante resolución expresa e motivada das causas xustificadas da denegación da información solicitada.

Con esta información procedemos ó arquivo do expediente aberto como consecuencia do seu escrito de queixa, sen prexuízo de reabrilo a súa instancia pola aportación de novos datos ou criterios.

Agradecéndolle a confianza que nos demostrou, saúdo atentamente.

